

Axudando ás familias a medrar ben: Mediación en familias con fillas ou fillos adolescentes

OBRADOIRO gratuito para profesionais



En liña

11 de novembro de 2020



Presentación

A adolescencia é unha transición no ciclo vital desde a infancia ao mundo adulto. É unha etapa que vai supoñer un gran desafío individual, familiar e social.

Existe relación entre as condutas presentadas polas/os adolescentes e os modos particulares de comunicación e relación familiar. A mediación familiar vai tratar de axudar ás/aos membros da familia para modificar estes modelos de comunicación co fin de desbloquear estas dificultades.

Así mesmo, son necesarias novas formas de intervención onde prime o empoderamento das familias, onde elas sexan o principal recurso co que as/os profesionais podamos contar.

Obradoiro de mediación interxeracional

O obradoiro de mediación interxeracional dirixido a profesionais da intervención familiar e mediadoras/és familiares pretende sensibilizar e dar ferramentas para apoiar ás familias no tránsito desta etapa do ciclo vital.

Este obradoiro, cunha duración de 2 horas, está subvencionado polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social.

Contidos xerais do obradoiro

- A mediación: Que é. Cando non é posible a mediación. Características diferenciadoras da mediación familiar en familias con fillos/ as adolescentes. O espazo de mediación.
- Desafíos evolutivos na adolescencia: Condutas típicas. Condutas problemáticas, tipoloxía en intervención.
- Condutas problemáticas na adolescencia: Signos indicadores, tipoloxía e intervención.
- Familia e Ciclo Vital. O proceso de diferenciación. O papel das/os proxenitoras/es.
- Técnicas e ferramentas de intervención. A primeira entrevista.

Sobre a UNAF

A Unión de Asociacións Familiares (UNAF) é unha entidade sen ánimo de lucro e pioneira da mediación familiar en España, con 27 anos de experiencia tanto na atención a familias como na formación a profesionais, estando recoñecida como centro de Formación en Mediación polo Ministerio de Xustiza. O Servizo de Mediación para Familias con Fillas ou Fillos Adolescentes préstase desde o ano 2006, sendo un referente dentro da mediación interxeracional en España.

Lugar, data e horario

11 de novembro, de 16:00 a 18:00 h.

En liña, a través de Zoom. Dedicarase arredor de unha hora e media á exposición e media hora para resolver dúbidas ou compartir reflexións sobre o aprendido.

Facilitarase por correo-e, antes da data de celebración, o enlace para poder participar.

Inscripción

Necesaria inscrición previa a través do formulario a continuación:

[Enlace ao formulario](#)

Prazo de inscrición: ata o **8 de novembro**.

Contacto

Tlf 981 552206

ceesg@ceesg.org

